



O.J.D.: No hay datos
E.G.M.: No hay datos
Tarifa (€): 2266

El Ideal Gallego

Fecha: 18/01/2010
Sección: PORTADA
Páginas: 1,13

ENE.10.026

**NÚÑEZ FEIJÓO presenta en la feria de
turismo Fitur el Xacobeo como la imagen
de una Galicia vanguardista y convertida
en foco cultural internacional >13**



O presidente da Xunta será o "embaixador" do Ano Santo na Feria de Turismo de Madrid

Feijóo proxecta a imaxe de Galicia como centro cultural e vangardista co Xacobeo

REDACCIÓN > A CORUÑA

■ O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presentará o Xacobeo 2010 no stand de Galicia en Fitur aos principais operadores turísticos nacionais e internacionais. O presidente galego recalará a importancia dun evento destas características, no que durante doce meses Galicia se converterá no escenario onde terán lugar algúns dos principais eventos culturais, científicos, sociais e turísticos máis relevantes de todo o país.

Núñez Feijóo, que será o encargado de inaugurar e clausurar os actos principais de Galicia na Feira Internacional de Turismo de Madrid, fará a presentación o vindeiro venres 22 ás 13.00 horas.

Desta maneira, o xefe do goberno galego vólcase de cheo nos actos de promoción da comunidade na que é a principal feira de turismo de España e unha das do mundo.

O espazo expositivo deseñado por Turgalicia, a Sociedade da Imaxe e Promoción Turística de Galicia, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, será o escenario que acollerá os actos de presentación.

Oferta turística > Trátase dunha superficie de máis de 1.400 metros cadrados que se presentará coas estéticas galegas máis vangardistas e tradicionais e no que terá lugar un amplo programa de actividades para promover toda a oferta turística galega.

Dentro do recinto, ademais do espazo dedicado ao Xacobeo 2010, distribuiranse apartados que se refiren ao Turismo de Galicia, ás cidades galegas, aos patrimonio da humanidade, ao interior e á costa.



Roberto Varela e Núñez Feijóo, durante a presentación da programación cultural do Xacobeo 2010

EFE

Outros produtos turísticos destacados que están sendo obxecto de potenciación e fortalecemento por parte da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia contarán cun apartado especial. É o caso da gastronomía de Galicia, o Turismo de Saúde, a náutica e a oferta galega de establecementos turísticos.

Os visitantes poderán contemplar alí tamén o martelo que Arcebispo de Santiago, Julián Barrio, empregou para derrubar o muro de pedra da Porta Santa e que representa o inicio do Ano Santo, e que estará exposto durante toda a feira. A Xunta obsequiará aos Reis de España cunha réplica do martelo empregado na primeira metade do século XX.

A Xunta obsequiará aos Reis cunha réplica do martelo empregado na apertura da Porta Santa

Núñez Feijóo tamén estará presente mañá no quinto foro de Liderazgo Turístico de Exceltur, onde participará nun panel coloquio con Francesc Antich e Paulino Rivero, presidentes de Baleares e Canarias, respectivamente.

O presidente da Xunta, que figura entre poñentes de recoñecido prestixio nacionais e internacionais que compartirán durante esa

xornada a súa visión e experiencia sobre o turismo actual, disertará no Palacio de Congresos de Madrid sobre como promover novos modelos de crecemento turístico de maior valor engadido e impacto socioeconómico a nivel local. A mesa redonda estará moderada por Simón Pedro Barceló, copresidente do grupo Barceló e membro de Exceltur, e nela participarán tamén Javier Gómez Navarro, presidente de Aldeasa e José Gabriel Martín Aguilar, vicepresidente executivo de Áreas.

O foro pretende analizar cales son os escenarios que lle esperan ao sector para diseñar a novas estratexias que favorezan a recuperación turística.